

Edición 1ª

Data de aplicación: 21/12/2011

Clasificación de traballos especiais que esixen permiso de traballo

- *Traballos eléctricos con tensión.*
Comprenden todas as operacións natureza eléctrica que non se podan levar a cabo sen tensión.
- *Traballos con risco en altura.*
Comprenden todas as operacións que se realicen a mais de 3,5 metros, e nas que non se teña eliminado o risco de caída de persoas a distinto nivel.
- *Traballos en espazos confinados.*
Comprenden todas as operacións no interior de depósitos, cisternas, caldeiras de vapor, fosos e en xeral todos aqueles espazos con aberturas limitadas de entrada e saída e ventilación natural desfavorable, no que podan acumularse contaminantes tóxicos ou inflamables, ou ter unha atmósfera deficiente en osíxeno, e que non está deseñado para unha ocupación continuada por parte do traballador/a.
- *Traballos en quente.*
Comprenden todas as operacións con xeración de calor, produción de chispas, chamas ou elevadas temperaturas en proximidade de líquidos ou gases inflamables; de recipientes que conteñan ou contivesen gases licuados, etc. Por exemplo: soldadura e oxicorte, traballos con chumbo, esmerilado, traballos con furadores, traballos con rebarbadoras, etc.
- *Traballos en frío.*
Son as operacións que de forma normal realízanse sen xerar calor pero que se efectúan en instalacións polas que circulan ou nas que se almacenan fluídos perigosos. Comprenden traballos tales coma: reparacións nas bombas de transvase de líquidos corrosivos, substitución de tubos, etc.

	Nome	Data	Selo e Sinatura
<i>Elaborado por</i> Servizo de Prevención de Riscos Laborais (SPRL)	Mª. José Montero Vilariño. Mª. del Carmen Álvarez González.	05/04/2010	
<i>Revisado por</i> Comité de Seguridade e Saúde (CSS)	José Manuel García Vázquez.	21/09/2011	
<i>Aprobado por</i> Xerencia	Manuel Fernández Jauregui.	21/12/2011	

Edición 1ª

Data de aplicación: 21/12/2011

Clasificación de traballos especiais que esixen permiso de traballo

- *Traballos en zonas ATEX.*

Zonas nas que exista a posibilidade de crearse unha atmósfera explosiva, entendida esta como a mestura co aire, en condicións atmosféricas, de substancias inflamables en forma de gases, vapores, néboas ou pos, na que, tras unha ignición, a combustión propágase á totalidade da mestura non queimada.

- *Traballos de mergullamento.*

Comprenden todas as actividades que supoñen mergullamentos.

- *Traballos con piragua.*

Comprende as actividades acuáticas con piragua.

- *Traballos relacionados coas actividades de medio natural.*

Comprenden as actividades que pola súa definición e natureza poden englobarse en actividades ou prácticas deportivas de aventura ou de risco (por exemplo: rafting, escalada, etc.)

- *Outros traballos determinados expresamente polo **Servizo de Prevención de Riscos Laborais**.*

Clasificación das faltas

Establécese a seguinte clasificación e graduación sobre incumprimentos referidos ao procedemento "PPRL-14: Traballos especiais":

Faltas Leves (amoestacións verbais e/ou por escrito).

- Pequenos descoidos, ou erros escusables ao cubrir o permiso de traballo.
- Pequenos descoidos, ou erros escusables ao cubrir o nomeamento do recurso preventivo.

Faltas Graves (Aplicación do Réxime Disciplinario correspondente).

- Non dispoñer do establecido permiso de traballo.
- Non dispoñer da figura de recurso preventivo.
- Non advertir de forma inmediata ao recurso preventivo (no seu defecto aos responsables directos superiores) de calquera anomalía ou defecto que se observe con respecto aos traballos especiais.
- A negligencia grave na execución do traballo especial.

Faltas Moi Graves (Aplicación do Réxime Disciplinario correspondente).

- Non dispoñer do establecido permiso de traballo, nin nomeamento de recurso preventivo, tras detectarse a súa carencia.
- Non adoptar (ao marxe do anterior) medidas preventivas que garantan a seguridade e saúde das persoas con respecto aos traballos especiais.